

# TALENTO FEMININO NA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

**medrando  
xuntas** 

Programa formativo para directivas

Setembro - decembro de 2018

XUNTA DE GALICIA

# ÍNDICE

1

PRESENTACIÓN

2

OBJECTIVOS

3

DESTINATARIAS

4

ESTRUTURA  
DO PROGRAMA

5

CADRO  
DOCENTE

6

CARACTERÍSTICAS  
DO PROGRAMA

7

INSCRICIÓNS

MEDRANDO XUNTAS  
PROGRAMA FORMATIVO  
PARA DIRECTIVAS

# 1

## PRESENTACIÓN

Unha das prioridades da Xunta de Galicia é pór en marcha actuacións para acadar que as mulleres galegas ocupen o lugar que lles corresponde no mercado laboral e, para iso, está a promover o emprego feminino.

O Plan Emprega en feminino, posto en marcha pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é unha folla de ruta coa que se pretende apoiar aínda máis o acceso ao traballo das mulleres, en especial daquelas que levan máis tempo no desemprego, o desenvolvemento da súa carreira profesional e a incorporación en ocupacións de alta cualificación.

Con esta iniciativa tamén se pretende equilibrar a participación das mulleres coa dos homes en todos os sectores e incentivar o emprendemento feminino.

O programa Medrando Xuntas intégrase dentro das medidas recollidas neste plan e promociona o talento feminino nas entidades de economía social, que ten un amplo alcance e pode beneficiar todas as mulleres que ocupan postos de diferente responsabilidade nas organizacións. De igual xeito, o proxecto pretende difundir o papel que xogan as entidades de economía social no tecido socioeconómico galego e as oportunidades que brindan ás mulleres para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A primeira edición de Medrando Xuntas acadou excelentes resultados en canto á participación e á valoración da experiencia por parte das alumnas.

Esta segunda edición nace co mesmo espírito de facilitar momentos de encontro e reflexión para as mulleres integrantes da economía social en Galicia. Como principal novidade, está programado un foro común coas participantes de ambas as dúas convocatorias.

## 2

### OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** do programa **Medrando Xuntas. Directivas** é ofrecer unha formación integral dende a perspectiva de xénero, co fin de potenciar as capacidades directivas das mulleres participantes como factor clave no seu posterior desenvolvemento profesional.

Ofrece contidos específicos enfocados a mulleres pertencentes ás organizacións de economía social ou interesadas en comezar unha carreira neste campo, para acadar os seguintes **obxectivos específicos**:

Mellorar os coñecementos e habilidades persoais das mulleres galegas que están vinculadas ás entidades de economía social, para promover un desenvolvemento profesional dentro das súas organizacións.

Aumentar a presenza de mulleres en órganos de toma de decisión en entidades de economía social.

Fomentar a reflexión conxunta entre alumnas e persoal docente sobre a economía social e o papel que as mulleres desenvolven nela.

Promover o encontro entre mulleres integrantes da economía social para conversar arredor das motivacións, dificultades e oportunidades que encontran no seu desenvolvemento profesional.

Crear unha comunidade de mulleres activas na promoción da economía social en Galicia e do papel das mulleres nela.

## 3

### DESTINATARIAS

Mulleres profesionais que ocupen na actualidade un cargo de responsabilidade en entidades de economía social (equiparable a niveis directivos e predirectivos ou mandos intermedios), así como aquelas que exerzan a representación nalgún órgano de goberno destas entidades.

## ESTRUTURA DO PROGRAMA

### BLOQUE 1. XESTIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE ECONOMÍA SOCIAL

#### 1.1. XESTIÓN DE ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL

- A economía social no contexto actual.
- Xestión de persoas.
- Boas prácticas de xestión nas entidades de economía social.

#### 1.2. XESTIÓN DE PROXECTOS DE ECONOMÍA SOCIAL

- Innovación social.
- Ciclo de vida dun proxecto.
- Metodoloxías de xestión e dirección de proxectos.

#### 1.3. INNOVACIÓN NOS MODELOS DE NEGOCIO

- A creatividade e a innovación.
- A importancia da innovación nas organizacións.
- Innovación tecnolóxica e innovación non tecnolóxica.
- Factores ideais para innovar.
- Introducción á innovación centrada nas persoas a través do *design thinking*.

#### 1.4. RESPONSABILIDADE SOCIAL

- Introducción á responsabilidade social nas entidades de economía social.
- A creación de valor na empresa e os beneficios da RSE.
- Principais ferramentas de RSE.
- Transparencia e rendición de contas.

#### 1.5. XESTIÓN DO XÉNERO E A DIVERSIDADE

- A xestión das persoas e a diversidade como factor de éxito nas organizacións.
- Igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Plans de igualdade de xénero e de diversidade nas entidades.

#### 1.6. TRANSFORMACIÓN DIXITAL NAS ORGANIZACIÓNS

- Que está pasando? O novo escenario da economía dixital.
- Tendencias: industria 4.0, robotización, *app-economy* e *big data*.
- Principais pasos que se deben seguir para iniciar a transformación dixital nas organizacións.
- Integración *online* e *offline* de recursos para unha maior optimización de resultados.

### BLOQUE 2. HABILIDADES DIRECTIVAS

#### 2.1. DESENVOLVEMENTO E MARCA PERSOAL

- Empoderamento da muller: confianza e autoestima.
- *Branding* e marca persoal.
- Empresas con alma: *employer branding*.

#### 2.2. COMUNICACIÓN E ORATORIA

- Nocións básicas para acadar unha comunicación efectiva: a escoita activa.
- Ferramentas prácticas para mellorar a comunicación.
- Principais elementos para a construción dun discurso persuasivo.
- A linguaxe non verbal no proceso de comunicación.

#### 2.3. CULTURA ORGANIZACIONAL E LIDERADO PARTICIPATIVO

- Que é o liderado participativo? Principais características.
- Vantaxes dunha dirección participativa.
- Desenvolvemento de habilidades para a xestión de equipos motivados.

#### 2.4. REUNIÓN EFICIENTES

- Reunións eficientes: por que son necesarias?
- A planificación das reunións como elemento clave.
- Reunións eficientes de equipos de traballo: ferramentas prácticas.
- Reunións eficientes de órganos asemblearios: ferramentas prácticas.

### BLOQUE 3. PROXECTOS COLABORATIVOS

· Sesión 1. Introducción.

· Sesión 2. Deseño.

· Sesión 3. Prototipado.

## CADRO DOCENTE

### PILAR CASALS

Docente da sesión de Cultura organizacional e liderado participativo (día 16/11/2018) e facilitadora das sesións do bloque 3.

Educadora social pola Universidade de A Coruña (2007) e licenciada en Ciencias do Traballo pola Universidade de Granada (2011), con Máster en Asuntos Internacionais e Dereitos Humanos pola EF International School de Oxford (2009) e Máster en Xestión de Recursos Humanos pola ISCT-IUL de Lisboa (2012). Art of Hosting Practitioner (facilitadora de liderado participativo), AoH International Community (2015).

Docente en materia de responsabilidade social, emprendemento social, liderado participativo, comunicación interna e bo clima laboral en empresas públicas e privadas, xunto co acompañamento e titorización en procesos de xestión do cambio nas organizacións.



**PILAR  
CASALS**

### ROSA GUTIÉRREZ

Docente da sesión Xestión de entidades de economía social (día 08/09/2018).

Enxeñeira industrial pola Universidade de Vigo (2003) e MBA pola Escola de Negocios de Afundación (2012), conta tamén co título de Experta Universitaria en Responsabilidade Social Corporativa pola UNED (2015). Tras anos de experiencia en xestión de proxectos e mellora de procesos en contornas industriais, finalmente atopou o seu lugar no eido da xestión de organizacións sociais. Pertence ao Comité de Dirección dun grupo de empresas de economía social sen ánimo de lucro que emprega cerca de 500 traballadores con dificultades de acceso ao mercado laboral.

Para garantir a competitividade futura das distintas empresas do grupo, traballa para a súa plena profesionalización e para pór en valor o labor que realizan ante a sociedade, buscando sempre a colaboración con outras organizacións no campo da RSE.



**ROSA  
GUTIÉRREZ**

## CADRO DOCENTE

### EVA BOUZAS FACAL

Docente da sesión Xestión de proxectos de economía social (día 21/09/2018).

Licenciada en Economía pola Universidade da Coruña, con especialidade no Sector Público. Socia consultora de MedAtlantia, S. Coop. Galega, leva máis de quince anos dedicada en corpo e alma á xestión de proxectos europeos en entidades públicas e privadas, tanto en Italia como en España. Dende hai cinco anos forma parte do equipo de Avaliación e Control do SEPIE, Axencia nacional española do Programa europeo Erasmus+.

Fan empedernida da dimensión europea do traballo, dedica o día a día a conseguir recursos que permitan materializar ideas en proxectos sociais sostibles, que axuden a construír un mundo máis humano, accesible, inclusivo e verde.

Aunando rigor metodolóxico con paixón absoluta polo traballo, consegue pasiño a pasiño facer realidade a súa misión: contribuír a encher o mundo de proxectos con alma.



### YOLANDA IGLESIAS

Docente da sesión Innovación nos modelos de negocio (día 22/09/2018).

Yolanda Iglesias é licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e especializada en investigación de mercados. Tras traballar como investigadora na USC e no departamento de planificación estratéxica da axencia de publicidade BAP Conde, no 2015 pasou a formar parte do equipo docente de Designthinking.gal. Alí aplica os seus coñecementos en comunicación e investigación cualitativa e cuantitativa á ensinanza de diversas técnicas de recollida de información e análise de datos.



## CADRO DOCENTE

### NOELIA LÓPEZ ÁLVAREZ

Docente das sesións Responsabilidade social (día 05/10/2018) e Xestión do xénero e da diversidade (día 06/10/2018).

Enxeñeira química pola Universidade de Santiago de Compostela (2003), con Máster Interuniversitario en Sustentabilidade e Responsabilidade Social Corporativa da Universidade Jaume I de Castellón e a UNED (2013) e Máster en Xestión de Proxectos de Medio Ambiente e Responsabilidade Social Corporativa da Universidade de Santiago de Compostela (2007). É, ademais, técnica en xestión da mellora continua e da innovación pola Universitat Oberta de Catalunya (2009) e posúe formación avanzada en materia de igualdade de xénero outorgada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Docente en programas de formación continua e posgraos en diferentes institucións académicas do Sistema Universitario Español e investigadora en materia de responsabilidade social, igualdade e sustentabilidade, participante en programas nacionais sobre sustentabilidade en organizacións impulsados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.



### VERÓNICA RAMALLAL

Docente da sesión Transformación dixital nas organizacións (día 19/10/2018).

Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo conta cun Máster da Escola de Medios de La Voz de Galicia e a Universidade de A Coruña.

Na actualidade é directora de Pekecha, unha axencia especializada en solucións dixitais para empresas e administracións públicas. Ademais, é mentora de emprendemento na Escola de Organización Industrial e no programa Mentoring USC, así como docente no Máster de Marketing Dixital da Universidade de Santiago de Compostela.





## CADRO DOCENTE

### NOELIA LÓPEZ VÁZQUEZ

Docente da sesión Desenvolvemento e marca persoal (día 02/11/2018).

CEO da plataforma online ENVITA, socia fundadora da consultora de innovación social ACTIVIZA e directora adxunta de SARAIVA, Noelia é unha emprendedora social implicada ao 100% no eido das persoas maiores, tanto no ámbito dos coidados de longa duración como no envellecemento activo.

A súa carreira profesional comeza en postos de responsabilidade nos departamentos de desenvolvemento de negocio e marketing en diversas organizacións. No ano 2013, tras un proceso de cambio persoal implícase no campo da innovación social e participa na III e VI edicións do Programa Momentum.

Noelia é licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, Máster en Xestión Comercial e Dirección de Marketing por ESIC Business School, Máster en Comunicación e Xestión da Responsabilidade Social Corporativa pola USC, Máster en Atención Integral e Centrada na Persoa nos eidos de discapacidade e envellecemento pola Universitat de Vic e a Universidade de Deusto, Programa de Emprendemento Social por ESADE e Programa de Innovación Social e Escalado por IE. Ademais é coach certificada de ICC para o desenvolvemento persoal e de equipos.



NOELIA  
LÓPEZ V.

### MARGARITA BORREGUERO

Docente da sesión Comunicación e oratoria (día 03/11/2018).

Licenciada en Ciencias da Información e doutora en Ciencias da Comunicación pola Universidade de A Coruña. A súa traxectoria profesional centrouse na comunicación corporativa, ben en calidade de docente, ben como profesional contratada por empresas. Posúe ademais experiencia na xestión de entidades de economía social, xa que desenvolveu unha extensa carreira como directora dunha fundación.

Na actualidade, a través da súa marca MB Comunicación, deseña e desenvolve campañas publicitarias, elabora e deseña materiais específicos de comunicación asociados a varios proxectos, organiza eventos e xestiona a comunicación corporativa en varias empresas. Ademais, conxuga en todos os seus proxectos persoais e profesionais a responsabilidade social corporativa como modelo de xestión e obxectivo de toda empresa e institución.



MARGARITA  
BORREGUERO

5

## CADRO DOCENTE

### DANIEL DIÉGUEZ

Docente da sesión Reunións eficientes (día 17/11/2018).

Licenciado en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo (2005), conta con extensa formación complementaria en cooperativismo e economía social tanto en España coma en Portugal. Está certificado como facilitador da metodoloxía *Legos Serious Play*.

É socio fundador de Apoio.Coop, mentor de emprendedores sociais en Portugal con IES Social Business School e titor da Rede Eusumo en Ourense.



## 6

## CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

### DATAS:

De setembro a decembro de 2018. Programa formativo que combina sesións presenciais con parte de traballo individual titorizado polo persoal docente de cada un dos módulos.

### HORARIOS:

Venres de 16.00h-20.00h e sábados de 09.30h-13.30h.

*A sesión do sábado 1 de decembro será en horario de 09.30-12.30h.*

### LUGAR:

EGAP. Escola Galega de Administración Pública.  
Rúa de Madrid, 2, 15707 Santiago de Compostela.

### NÚMERO DE HORAS:

80 horas, das cales:  
· 65 serán presenciais.  
· 15 serán a distancia.

### CALENDARIO:

As datas fixadas para as sesións presenciais son as seguintes:

SETEMBRO						
L	Ma	M	J	V	S	D
					01	02
03	04	05	06	07	08	09
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

OUTUBRO						
L	Ma	M	J	V	S	D
01	02	03	04	05	06	07
08	09	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	25	25	26	27	28
29	30	31				

NOVEMBRO						
L	Ma	M	J	V	S	D
			01	02	03	04
05	06	07	08	09	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	01	

## 7

## INSCRICIÓN

As mulleres interesadas en participar no proceso de selección do programa deberán solicitar a súa admisión, dentro do prazo establecido, cubrindo o seguinte:

**Formulario Web**

### NÚMERO DE PRAZAS:

20

### MÁIS INFORMACIÓN EN:

[medrandoxuntas.emprego@xunta.gal](mailto:medrandoxuntas.emprego@xunta.gal)

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

No caso de que as solicitudes superen o número de prazas, terase en consideración:

- A participación dunha muller por entidade.
- O tamaño da organización.
- A representatividade das mulleres nos órganos de goberno e dirección, favorecendo aquelas entidades con infrarrepresentación feminina.

galicia

**INFORMACIÓN**

[medrandoxuntas.emprego@xunta.gal](mailto:medrandoxuntas.emprego@xunta.gal)

[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA  
DE GALICIA**